

RESOLUCIÓN

ASUNTO: APROBACIÓN BASES SELECCION PERSOAL RISGA 2022

EXPEDIENTE: 2022/G003/000344

ANTECEDENTES:

Á vista da concesión da subvención da Consellería de Emprego e Igualdade para a contratación temporal de 2 persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) para o ano 2022, para o servizo de Limpeza e mantemento de espazos públicos e da escola infantil.

Co fin de cumprir coas condicións expostas no artigo 13 da Orde da convocatoria da dita subvención no que á selección das persoas traballadoras se refire.

Á vista da proposta das Bases presentadas pola AEDL do Concello de Brión.

RESOLVO:

1.- Aprobar as bases que figuran como anexo I desta resolución, para a contratación temporal de 2 persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da Risga, para a realización do servizo denominado Limpeza e mantemento de espazos públicos e da escola infantil, ao 75% da xornada laboral, por un período de 9 meses.

2.- Publicar a composición do grupo mixto que xulgará as probas e que queda como segue:

Persoa designada polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

- Leticia Castro Torres. Técnica superior do Equipo de Inclusión Sociolaboral de Ames

Suplente:

- Laura Estévez Caride. Técnica de coordinación do Departamento de Inclusión

Persoa designada pola Consellería de Emprego e Igualdade:

- Luís Fernández Fuentes. Director da oficina de emprego Santiago-Norte

Persoa designada polo Concello de Brión:

- Agueda Paz Seijas. Traballadora social

Suplente:

- Teodora Vieiro Nogueira. Axente de emprego e desenvolvemento local

3.- Convocar ás persoas aspirantes para a realización da entrevista o día 21 de xuño de 2022 ás 10:00 horas no Centro Social Polivalente de Brión, situado na Avenida de Santa Minia 46, Os Anxeles.

ANEXO I.

BASES PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DA RENDA DE INTEGRACIÓN SOCIAL DE GALICIA

1.Obxecto

As presentes bases teñen como obxecto regular un procedemento para a selección e contratación de 2 persoas desempregadas en situación ou risco de exclusión social, perceptoras de RISGA, para o servizo denominado Limpeza e mantemento de espazos públicos e da escola infantil.

2. Características dos postos

A denominación do posto será Peón/a de xardinaría e limpeza, nivel ou categoría profesional D.

A modalidade contractual será a de persoal laboral temporal, coas cláusulas específicas de traballos de interese social, a tempo parcial do 75% da xornada habitual, sendo a duración do contrato de 9 meses.

Contido funcional:

- Mantemento/reposición de céspedes, plantas e árbores nas rúas, xardíns, parques, fontes e zonas de lecer.
- Limpeza e desbroce de zonas verdes e espazos públicos.
- Limpeza da zona da escola infantil municipal.
- Limpeza e recollida dos residuos xerados.

- Colaboración no mantemento e reposición de mobiliario urbano en áreas de lecer, parques e xardíns.
- Calquera outra, correspondente á natureza da súa praza e das súas funcións.

A xornada laboral será do 75% da xornada semanal (30 horas/semanais)

3. Requisitos das persoas aspirantes.

Para poder tomar parte na presente convocatoria, as persoas aspirantes deberán reunir, tanto no momento da selección como no da formalización do contrato, os seguintes requisitos:

- a) Estar desempregadas e inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG), así como dispoñibles para o emprego.
- b) Figurar na listaxe de persoas candidatas remitida pola Oficina de Emprego.
- c) Ser perceptores/as da RISGA.

4. Remisión de candidatos/as

De conformidade coa Orde do 7 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da RISGA, as persoas candidatas deberán ser persoas demandantes non ocupadas incluídas na listaxe remitida pola Oficina de Emprego de Santiago Norte, ligada á oferta específica de emprego do programa de contratación de persoas beneficiarias da RISGA presentada polo concello.

5. Sistema selectivo

Concurso complementado con entrevista.

Fase de concurso:

O baremo do concurso farase en base aos seguintes criterios:

A. Cargas familiares (entendendo como tales os fillos menores de 18 anos e persoas en situación de dependencia que dependen economicamente do titular desta prestación): puntuarase 0,50 puntos por cada fillo a cargo ou persoa en situación de dependencia, ata un máximo de 1,5 puntos.

B. Idade: maior de 45 anos 0,5 puntos.

C. Ter asignado un proxecto de inserción laboral: 1 punto

Entrevista:

Consistirá nunha entrevista persoal a cada unha das persoas candidatas e estará orientada a coñecer as súas actitudes e capacidade ante o posto de traballo ofertado de peón de xardinaría e limpeza e a súa adecuación ao perfil profesional de dito posto, así como a valoración das dificultades para a inserción laboral de forma autónoma.

A entrevista será cualificada de 0 a 7 puntos.

A puntuación final obterase sumando as puntuacións acadadas na fase de concurso e a obtida na entrevista. No caso de empate na puntuación total terase en conta, prioritariamente, á persoa aspirante con maior tempo de permanencia en situación de desemprego. Esta puntuación final será a que determine a orde de prelación da lista.

6. Comisión de selección.

A selección das persoas que se contraten será realizada por un grupo mixto constituído a tal fin por representantes da Consellería de Economía, Emprego e Industria, o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e do Concello de Brión como entidade beneficiaria, que actuará de conformidade cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

7. Proposta da Comisión de Selección.

Tras a fase de concurso, a Comisión fará pública a puntuación obtida polas persoas candidatas mediante anuncio que se colocará no lugar onde se celebre a fase da entrevista, xusto antes da súa realización.

Finalizado o proceso selectivo da fase de entrevista, a Comisión fará pública a puntuación total das persoas candidatas no taboleiro de anuncios do Concello, propoñendo a contratación das 2 persoas que obtiveran maior puntuación.

8. Contratación.

A Alcaldía-Presidencia resolverá a contratación das persoas aspirantes propostas pola Comisión e formará, de ser o caso, cos/as restantes aspirantes unha bolsa de traballo.

9. Incidencias.

A Comisión de selección queda facultada para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso en todo o non previsto nas bases.

10. Publicidade do proceso selectivo.

Poderase obter información en relación con estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela e das actuacións da Comisión, na páxina web e no servizo de personal do Concello de Brión.